

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.

Por Resolución do 21 de decembro de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Hacienda e Función Pública, convocouse o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm. 310, do 27 de decembro).

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.

Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta Dirección Xeral de Administración Local,



DISPÓN

Primeiro.- Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional:

Titulares:

- Xosé Gregorio Ferreiro Fente
- Purificación Galán Boutureira
- Concepción Armas Quintá (secretaria)

Suplentes:

- Ruth Otero Vilar
- Olga López López
- Isabel Gil Gil (secretaria)

Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño. O número máximo de asistencias a percibir será de tres.

Segundo.- Convocar aos concursantes que non acreditaron xunto coa solicitude de participación no concurso unitario convocado por Resolución do 21 de decembro de 2021, estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatoria de galego.

A relación de concursantes que deberá realizar a devandita proba exporase no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local e na páxina web <https://www.eidolocal.gal/concursos>.

Dirección Xeral de Administración Local
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal



Terceiro.- A proba terá lugar o vindeiro día 19 de abril de 2022, ás 10:30 horas, no Seminario B (primeiro andar) da Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, Santiago de Compostela.

Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

